Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 28 de novembro de 2024

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **28 de novembro de 2024, ás 10:35 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Cecilia Vázquez Suárez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S)
Paloma Castro Rey
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle a secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste, a Presidencia comunica a acumulación, a efectos de debate, das proposicións non de lei docs. núms. 9823 e 14669 (1.1 e 1.5, respectivamente), de conformidade co establecido no artigo 162.2 do Regulamento da Cámara.

Xa que logo, procédese ao debate conxunto de ambas proposicións non de lei:

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 9823 (12/PNC-000939)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que se reúna co alcalde de Cambados para procurar unha nova residencia pública de maiores para este concello e a súa comarca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

1.5 14669 (12/PNC-001435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que adquira o pazo de Montesacro, situado no concello de Cambados, e manteña o seu uso socioasistencial
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

Intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S),** seguida da **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** ambas intervenientes defenden e formulan as súas respectivas iniciativas con ampliación dos argumentos que delas se fan por escrito e que aparecen publicados nos BOPG que anteriormente se refiren.

A estas proposicións non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para posicionarse a favor de ambas iniciativas.

Nesta mesma rolda a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** expón as súas argumentacións a respecto das propostas formuladas, tras amosar o seu desacordo coas mesmas, ás que cualifica de pouco serías.

-Ao longo da anterior intervención a señora Prado Cores interrompe en varias ocasións á señora Hermelo Piñeiro, polo que a Presidencia lle roga que manteña silencio e permita continuar á persoa que está en uso da palabra-

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de puntualizacións, tanto a **señora Castro Rey, Paloma (S),** como a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, tras incidir na importancia das súas respectivas iniciativas, critican a intervención da voceira do grupo maioritario e as actuacións que sinala se están a levar a cabo dende a Xunta de Galicia.

1.2 11134 (12/PNC-001057)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as accións que debe impulsar a Xunta de Galicia en relación co servizo de hospitalización a domicilio (Hado)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 91f2, do 25.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Carreira Pazos, Iria (BNG),** que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Ao longo da anterior intervención auséntase da Mesa da Comisión a señora Vázquez Mourelle, pasando a ocupar a Vicepresidencia a súa compañeira de grupo, señora Vázquez Suárez (P).

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** e a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, os que, logo de expoñer diversas consideracións sobre a proposta formulada, anuncian o voto favorable á mesma.

Nesta mesma rolda a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** tras deixar constancia das súas argumentacións á respecto da iniciativa e matizar algunhas das afirmacións realizadas polo/as voceiro/as que a precederon no uso da palabra, propón a seguinte emenda "in voce":

"O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1º. Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio nesta lexislatura.

2º. Incrementar os recursos humanos dos Servizos de Hospitalización a Domicilio na medida que a existencia de persoal sanitario dispoñible o permita."

Na rolda de puntualizacións a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG**), logo de agradecer o apoio amosado polos grupos da oposición, argumenta as razóns polas que non acepta a emenda "in voce" do G.P. Popular de Galicia.

Ao longo da anterior intervención a presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a

PARLAMENTO DE GALICIA

Presidencia a vicepresidenta en funcións, señora Vázquez Suárez.

1.3 14071 (12/PNC-001375)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que continúe desenvolvendo accións no terreo do emprendemento como medio de afrontar o reto demográfico e fixar poboación no territorio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f2, do 13.11.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de adición por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 15025), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

A continuación concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P),** quen pasa a expoñer os motivos polos que o seu grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da señora propoñente.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen o **señor Ojea Bouzo (M)** e a **señora Rodríguez Dacosta (S),** ambos intervenientes, logo de expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida, anuncian o voto favorable dos seus respectivos grupos.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Pérez López (P)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención da voceira do grupo emendante e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

Rematado o debate desta iniciativa a señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.

1.4 14402 (12/PNC-001408)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto da situación producida polo fracaso das negociacións do concerto de Muface coas aseguradoras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de modificación por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 15009), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

PARLAMENTO DE GALICIA

A continuación a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, explica os motivos que xustifican a presentación desta proposta, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupo parlamentario emendante a **señora Rodríguez Dacosta (S),** logo de matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, refire as razóns polas que o seu grupo presentou esta emenda, ao seu xuízo máis ambiciosa e garantista que a devandita proposta, polo que espera sexa aceptada.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo (M)**, para explicar as razóns polas que se vai abster.

Nesta mesma rolda a **señora Carreira Pazos, Iria (BNG)**, tras rexeitar moitas das argumentas expolas pola propoñente, expón a postura do seu grupo a respecto da proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Amigo Díaz (P),** logo de comentar as argumentacións dos anteriores intervenientes e matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, propón unha transacción co texto da PNC e a engádega da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de xeito que a iniciativa pasaría a ser o punto segundo, sendo o primeiro o punto primeiro da emenda e o terceiro o punto segundo da emenda.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 9823 (12/PNC-000939), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.2 11134 (12/PNC-001057), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galgo.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1º. Garantir a cobertura de toda a poboación a través da Hospitalización a Domicilio no prazo máximo dun ano.

2º. Dotar os servizos de Hospitalización a Domicilio dos recursos humanos e materiais precisos para poder garantir o funcionamento do servizo.»

PARLAMENTO DE GALICIA

1.3 14071 (12/PNC-001375), do G.P. Popular de Galicia. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado** por:

Votos a favor:..... 12
Votos en contra: 0
Abstencións: 5

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir impulsando accións de emprendemento como un xeito de afrontar o reto demográfico e fixar poboación no territorio, ademais de dirixirse ao Goberno central para reclamarlle os fondos necesarios relativos ao financiamento para dar cobertura aos custos dos centros.»

1.4 14402 (12/PNC-001408), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometida a votación a transacción acadada coa emenda de modificación do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 115009), resulta **aprobada** por:

Votos a favor:..... 11
Votos en contra: 0
Abstencións: 6

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Dirixirse ao Goberno de España para que informe con transparencia dos procedementos adoptados para a nova licitación para o concerto de xestión de Muface.

2. Dirixirse ao Goberno de España para que adopte cantas medidas sexan precisas para garantir a plena asistencia aos mutualistas, licitando de maneira urxente o concerto con Muface, e impedindo que esta situación, na que ten responsabilidade directa o Goberno de España, impacte nos sistemas sanitarios públicos das distintas comunidades autónomas.

3. Dirixirse ao Goberno de España para que, en caso necesario, prorrogue o servizo actual de acordo co artigo 29.4 da Lei de contratos do sector público ata que non se produza a nova adxudicación.»

1.5 14669 (12/PNC-001435), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:00 horas.

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.02.03 12:03:17 +01'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:13:39 +01'00'

Le pr.
Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión